



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE, NÚMERO CINCOCENTAS DEZ REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA DOCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta minutos do doce de febreiro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, Alicia Martínez González, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez e Manuel Domínguez Álvarez. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesiões para realizar a sesión extraordinaria urxente correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4061.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.- Dáse conta do levantamento da suspensión do procedemento de licitación do servizo público de prerrecollida, recollida domiciliaria, transporte e transferencia de residuos sólidos urbanos (RSU), limpeza viaria e desratización, polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais tras a desestimación do derradeiro dos recursos formulado por CESP, volvendo a correr o prazo de 15 días hábiles fixado no prego para levar a cabo a formalización do contrato.

En votación ordinaria e polo voto favorable da totalidade de membros presentes, o Pleno ratificou a urxencia da convocatoria e dos puntos nel incluídos.

4062.- ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO EXPEDEINTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRASPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS E SELECTIVA), LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE CONTENEDORES NO TERMO MUNICIPAL DE POIO.- De conformidade co xa exposto no punto anterior da orde do día, dáse conta aos asistentes do ditame adoptado na sesión extraordinaria urxente celebrada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o 11 de febreiro de 2015:

“2º.- ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO EXPEDEINTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRASPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS E SELECTIVA), LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE CONTENEDORES NO TERMO MUNICIPAL DE POIO.- Pónse en coñecemento da Comisión informativa do acordo adoptado pola Mesa de Contratación en sesión extraordinaria urxente celebrada no día de hoxe:

“...Pola Secretaria dáse conta aos membros da Mesa de Contratación, tal e como xa se adiantou na sesión ordinaria celebrada polo Pleno o 27 de xaneiro de 2015, do contido da Resolución nº 67/2015, de 20 de xaneiro de 2015, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, pola que pon fin ao recurso nº 982/2014, presentado por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra o acordo adoptado polo Pleno con data 25 de novembro de 2014 adxudicando nos termos do artigo 151 do Real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contrato de xestión indirecta mediante concesión do servizo público de prerrecollida, recollida domiciliaria, transporte e transferencia de residuos sólidos urbanos (RSU), limpeza viaria e desratización, en favor da UTE ASCAN-GEASER.

No pronunciamento primeiro da devandita Resolución, o Tribunal estima o recurso interposto por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., e anula a adxudicación por ter incumprido a oferta, o prego de prescricións técnicas.

Obra no expediente informe da secretaria do concello de 10 de febreiro de 2015, a cuxas consideracións xurídicas únese a interventora municipal, sendo a continuación analizadas cos asistentes.

Pese ao criterio mantido polo órgano de contratación e pola propia Mesa, por razóns de seguridade xurídica e atendendo ao interese público a satisfacer mediante a pronta prestación do servizo, a Mesa de Contratación acorda elevar á consideración do órgano de contratación, a seguinte proposta:

Primeiro.- Acatar a Resolución nº 67/2015, de 20 de xaneiro de 2015, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, pola que pon fin ao recurso nº 982/2014, presentado por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra o acordo adoptado polo Pleno con data 25 de novembro de 2014 adxudicando nos termos do art. 151 do Real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contrato de xestión indirecta mediante concesión do servizo público de prerrecollida, recollida domiciliaria, transporte e transferencia de residuos sólidos urbanos (RSU), limpeza viaria e desratización, en favor da UTE ASCAN-GEASER.

Segundo.- Outorgar á empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., un prazo de dez días para que presente a documentación xustificativa dos requisitos aos que se refire a declaración e que se indican na cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a contratación, documentación xustificativa de ter constituído, a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación excluído o IVE, para responder da correcta e adecuada execución do contrato e demais documentación sinalada no apartado 2 do artigo 151 do TRLCSP.”

Abre o debate D. Ángel Moldes Martínez para manifestar a súa preocupación pola situación que se xenera a continuación tras a complexidade das decisións que se deben tomar e a necesidade de contar cun plan alternativo que asegure a prestación do servizo.

D. Xulio Barreiro Lubián non considera probable que o TSXG poda estimar as medidas cautelares que poda solicitar a UTE ASCAN-GEASER, polo que a súa preocupación céntrase non tanto en que non se preste o servizo senon en qué condicións. Non acatar a decisión do TACRC si que podería dar lugar as que as medidas cautelares sí se estiman e o resultado sería peor. Polo que o adxudicatario terá que cumprir cas condicións marcadas nos pregos dende o principio.

D. Juan Grandal pregunta qué pode pasar se a empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., non acredita no prazo de dez días o cumprimento dos requisitos establecidos nos arts. 146 e 151 TRLCSP.

A secretaria respóndalle que de conformidade con ditos preceptos, o órgano de contratación deberá realizar proposta de adxudicación en favor da terceira empresa mellor valorada, neste caso CESP.A.

D. Luciano Sobral Fernández comenta que o Tribunal tanto verbalmente como en resposta por correo electrónico indicou a obriga de dar cumprimento ás súas resolucións .

A continuación D. Xulio Barreiro Lubián analiza as características da oferta presentada por VALORIZA.

D. Ángel Moldes pide novamente que se vixile adecuadamente que o adxudicatario cumpra adecuadamente as súas obrigas.

Rematado o debate, en votación ordinaria por seis votos a favor, 4 BNG+1PSOE, e 3 abstencións do PP, a Comisión informativa adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.- Acatar a Resolución nº 67/2015, de 20 de xaneiro de 2015, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, pola que pon fin ao recurso nº 982/2014, presentado por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra o acordo adoptado polo Pleno con data 25 de novembro de 2014 adxudicando nos termos do art. 151 do Real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contrato de xestión indirecta mediante concesión do servizo público de prerrecollida, recollida domiciliaria, transporte e transferencia de residuos sólidos urbanos (RSU), limpeza viaria e desratización, en favor da UTE ASCAN-GEASER.

Segundo.- Outorgar á empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., un prazo de dez días para que presente a documentación xustificativa dos requisitos aos que se refire a declaración e que se indican na cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a contratación,

documentación xustificativa de ter constituído, a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adjudicación excluído o IVE, para responder da correcta e adecuada execución do contrato e demais documentación sinalada no apartado 2 do artigo 151 do TRLCSP.”.

Non producíndose debate ningún, en votación ordinaria, por nove votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), ningún voto en contra e 2 abstencións (PP), o Pleno, de conformidade coa Resolución nº 67/2015, de 20 de xaneiro de 2015, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, e o disposto no art. 151 e na DA 2ª do Real Decreto 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e 47.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, o pleno adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Acatar a Resolución nº 67/2015, de 20 de xaneiro de 2015, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, pola que pon fin ao recurso nº 982/2014, presentado por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra o acordo adoptado polo Pleno con data 25 de novembro de 2014 adjudicando nos termos do art. 151 do Real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contrato de xestión indirecta mediante concesión do servizo público de prerrecollida, recollida domiciliaria, transporte e transferencia de residuos sólidos urbanos (RSU), limpeza viaria e desratización, en favor da UTE ASCAN-GEASER.

Segundo.- Outorgar á empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., un prazo de dez días para que presente a documentación xustificativa dos requisitos aos que se refire a declaración e que se indican na cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a contratación, documentación xustificativa de ter constituído, a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adjudicación excluído o IVE, para responder da correcta e adecuada execución do contrato e demais documentación sinalada no apartado 2 do artigo 151 do TRLCSP.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as minutos, o Alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria do fe.